



## Concello de FRADES

Cimadevila, 10  
15686 - FRADES (A Coruña)  
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79  
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

### BORRADOR ACTA

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano colexiado:</b>
2019/G010/000008	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
<b>Tipo Convocatoria</b>	Ordinaria
<b>Data</b>	8 de novembro de 2019
<b>Duración</b>	Desde as 13:46 horas ata as 15:32 horas
<b>Lugar</b>	Salón de Plenos do Concello de Frades
<b>Presidida por</b>	ROBERTO REY MARTÍNEZ
<b>Secretaria</b>	CARMEN GÓMEZ OTERO

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
79314640Z	ROBERTO REY MARTÍNEZ	SÍ
76363609K	MARÍA DE LOS ÁNGELES ÁLVAREZ CARRO	SÍ
46910475C	JESÚS MIGUEL PRADO CEA	SÍ
34893023E	MANUEL FERREIRO MARZOA	SÍ
76329065T	JESÚS FRANCOS SÁNCHEZ	SÍ
44842883J	ÓSCAR BOTANA RÚA	SÍ
76368290X	JOSE CARLOS PORTOS BRA	SÍ
45955540E	ENRIQUE ASTRAY OTERO	SÍ
76363600N	JOSÉ LUIS PEREIRA BAO	SÍ
79310360N	AURELIO GAREA PORTOS	SÍ
35314415P	MANUEL MÍGUEZ VILLAVERDE	SÍ

Unha vez verificada pola **Secretaria** a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na



## Concello de FRADES

Cimadevila, 10  
15686- FRADES (A Coruña)  
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79  
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

### **ORDE DO DÍA.**

#### **1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES.-**

Coñecida polos/as asistentes, a través de borradores repartidos coa convocatoria, as seguintes actas

- 1.- Acta da sesión extraordinaria do Pleno celebrada o día 22 de outubro de 2019, do sorteo das mesas electorais.
- 2.- Acta da sesión ordinaria do Pleno celebrada o día 11 de setembro de 2019.

De conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/1989, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, pregunta o Sr. Alcalde se algún membro da corporación quere formular algunha observación á mesma.

Formúlanse as seguintes observacións:

- No punto sete deberá constar:
  - o En lugar de Fondevila-Chamuín, referencia á Fondevila- A Cheda no Proxecto do POS Complementario.
- Nos Informes da Alcaldía, no IDAE, e no PEIN, que en lugar de estar "en execución", atópanse "en contratación".

Unha vez se corríxan, o Pleno, por unanimidade **ACORDOU:**

**ÚNICO.-** Aprobar as actas da sesión extraordinaria do Pleno celebrada o día 22 de outubro de 2019, do sorteo das mesas electorais, e a acta da sesión ordinaria do Pleno celebrada o día 11 de setembro de 2019.

#### **2.- DAR CONTA DO DECRETO DE APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN DO EXERCICIO ECONÓMICO 2018.-**

O Sr. Concelleiro de Facenda, D. Manuel Ferreiro Marzoa procede á lectura do decreto nº 198/2019, nos seus mesmos termos, e introduce un breve resume da situación económica derivada da liquidación do exercicio 2018. Sinala que o decreto da liquidación aprobouse o día 3 de outubro de 2019 pero que foi subido a TEDEC o 5 de novembro de 2019:

**<<ASUNTO: APROBACIÓN LIQUIDACIÓN EXERCICIO 2018 CONCELLO DE FRADES.**

**DON ROBERTO REY MARTÍNEZ  
ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE FRADES**

*Logo de ver o expediente de Liquidación correspondente ao exercicio 2018, composto por:*

- ❖ *Liquidación do Orzamento de Gastos, que contén:*
  1. *Os créditos iniciais, as súas modificacións e os créditos definitivos.*
  2. *Os gastos comprometidos, con indicación da porcentaxe de execución sobre os créditos definitivos.*
  3. *As obrigacións recoñecidas, netas, con indicación da porcentaxe de execución sobre os créditos definitivos.*



## Concello de FRADES

Cimadevila, 10  
15686- FRADES (A Coruña)  
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79  
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

4. Os pagos realizados, son indicación da porcentaxe de execución sobre as obrigacións recoñecidas netas.
5. As obrigacións pendentes de pago a 31 de decembro de 2018.
6. Os remanentes de crédito.

❖ *Liquidación do Orzamento de Ingresos, que contén:*

1. As previsións iniciais, as súas modificacións e as previsións definitivas.
2. Os dereitos recoñecidos.
3. Os dereitos anulados.
4. Os dereitos cancelados.
5. Os dereitos recoñecidos netos, con indicación da porcentaxe de execución sobre as previsións definitivas.
6. A recadación neta, con indicación da porcentaxe de execución sobre os dereitos recoñecidos netos.
7. Os dereitos pendentes de cobro a 31 de decembro de 2018.
8. A comparación dos dereitos recoñecidos netos e as previsións definitivas.

❖ *Resultado Orzamentario*

A liquidación do Orzamento de gastos e a liquidación do Orzamento de ingresos presentaranse co nivel de desagregación do Orzamento aprobado e das súas modificacións posteriores.

Como consecuencia da liquidación do Orzamento determínanse:

- 1.- Os dereitos pendentes de cobro e as obrigacións pendentes de pago a 31 de decembro (artigo 94 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril).
- 2.- O resultado orzamentario do exercicio (artigos 96 e 97 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril).
- 3.- Os remanentes de crédito (artigos 98 a 100 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril).
- 4.- O remanente de Tesourería (artigos 101 a 105 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril).

Logo de ver o Informe de Intervención sobre a Liquidación correspondente ao exercicio 2018 e Estabilidade Orzamentaria que constan no expediente.

De conformidade co establecido no artigo 191 do Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, que aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais e no artigo 90 do Real Decreto 500/90 do 20 de abril, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO:** Aprobar a liquidación do Orzamento do Concello de Frades do exercicio 2018, segundo o seguinte detalle:

**1.- REMANENTE DE TESOURERÍA:**

REMANENTE DE TESOURERÍA	
1.- FONDOS LIQUIDOS	250.914,2 4
2.- DEREITOS PENDENTES DE COBRO	131.666,4 6
2.1 DE ORZAMENTO CORRENTE	
2.2 DE ORZAMENTOS PECHADOS	125.758,0



## Concello de FRADES

Cimadevila, 10  
15686- FRADES (A Coruña)  
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79  
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

	9
2.3 DE OPERACIONES NON ORZAMENTARIAS	5.908,37
2.4 +COBROS PENDENTES APLICACIÓN DEFINITIVA	
3.- OBRIGAS PENDENTES DE PAGO	70.956,12
3.1 DE ORZAMENTO CORRENTE	38.203,17
3.2 DE ORZAMENTOS PECHADOS	1.943,78
3.3 DE OPERACIONES NON ORZAMENTARIAS	30.809,17
3.4 -PAGOS REALIZADOS PENDIENTES DE APLICACIÓN DEFINITIVA	
<b>I. REMANENTE DE TESOURERIA TOTAL (1+2-3)</b>	<b>311.624,58</b>
II. SALDOS DE DUBIDOSO COBRO	102.740,11
III. EXCESO DE FINANCIACION AFECTADA	25.000,00
IV Saldo de acredores por devolución de ingresos ao final do período	
<b>V. REMANENTE DE TESOURERIA PARA GASTOS XERAIS (I- II- III)</b>	<b>183.884,47</b>

### 2.- RESULTADO ORZAMENTARIO:

RESULTADO ORZAMENTARIO	
<b>1. OPERACIONES NON FINANCEIRAS</b>	
(1.a1)DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS OPERACIONES CORRENTES	1.737.434,13
(1.a2)OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS OPERACIONES CORRENTES	1.542.984,92
(1.a1-1.a2)RESULTADO OPERACIONES CORRENTES	194.449,21
(1.b1)DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS OUTRAS OPERACIONES NON FINANCEIRAS	450.550,54
(1.b2)OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS OUTRAS OPERACIONES NON FINANCEIRAS	680.719,44
(1.b1-1.b2) RESULTADO OUTRAS OPERACIONES NON FINANCEIRAS	230.168,90
1.1 DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	2.187.984,67
1.2 OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	2.223.704,36
1.3 RESULTADO OPERACIONES NON FINANCEIRAS (1.1 -1.2)	-35.719,69
<b>2.- ACTIVOS FINANCEIROS</b>	
2.1 DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	
2.2 OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	
2.3 RESULTADO ACTIVOS FINANCEIROS (2.1 -2.2)	
<b>3.- PASIVOS FINANCEIROS</b>	
3.1 DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	



## Concello de FRADES

Cimadevila, 10  
15686 - FRADES (A Coruña)  
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79  
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

3.2 OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	
3.3 RESULTADO PASIVOS FINANCEIROS (3.1 -3.2)	
<b>4.- RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO</b>	
4.1 DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	2.187.984,67
4.2 OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	2.223.704,36
4.3 RESULTADO ORZAMENTARIO (4.1-4.2)	-35.719,69
<b>AXUSTES</b>	
4. CRÉDITOS GASTADOS FINANCIADOS CON REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS	135.457,84
5.- DESVIACIONES DE FINANCIACION NEGATIVAS DO EXERCICIO	126.847,31
6.- DESVIACIONES DE FINANCIACION POSITIVAS DO EXERCICIO	99.711,95
<b>RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO (4.3+5-6)</b>	<b>126.873,51</b>

### **3.- CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO DA ESTABILIDADE ORZAMENTARIA NO EXERCICIO 2018:**

#### **Capacidade de financiamento:**

-36.313,64 euros. Inestabilidade orzamentaria/ déficit financiamento.  
Necesidade de elaborar un plan económico financeiro.

**SEGUNDO:** De conformidade co previsto no artigo 193.4 do texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, dese conta ó Pleno na primeira sesión que se celebre, remitíndose información correspondente ó Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e Comunidade Autónoma.>>

O Pleno da Corporación queda sabedor.

### **3.- DACIÓN EN CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA.-**

Dáse conta dos decretos da Alcaldía dende o nº 159/2019 ata o número 196/2019, en formato PDF.

O Pleno da Corporación queda sabedor.

### **4.- DITAME APROBACIÓN DEFINITIVA CONTA XERAL 2018.-**

O Sr. Concelleiro de Facenda, D. Manuel Ferreiro Marzoa, procede a dar lectura do ditame da Comisión Informativa de Facenda e Contas, de data 3 de outubro de 2019, co teor literal seguinte:

<<...Considerando que o obxecto da reunión da Comisión Especial de Contas é proceder ao exame da Conta Xeral do orzamento desta entidade, correspondente ao exercicio económico de 2018, en cumprimento do disposto no artigo 116 da Lei 7/1985, do 2 de



## Concello de FRADES

Cimadevila, 10  
15686 - FRADES (A Coruña)  
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79  
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 212 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, tendo en conta o explicado na proposta da alcaldía sobre a redución dos prazos por razóns de urxencia regulada na Lai 39/2015 de 1 de outubro.

Considerando que, formada a dita Conta Xeral foron comprobados os libros, documentos e xustificantes oportunos, así como toda a documentación anexa a ela e esixida pola vixente lexislación, a Comisión Especial, por 4 votos ponderados a favor dos concelleiros do grupo municipal do PP e 3 abstencións dos/as concelleiros/as do grupo municipal do BNG e PSOE,

### ACORDA

**PRIMEIRO.** Que se ditamine favorablemente sobre a Conta Xeral do Municipio do exercicio 2018 que queda cumpridamente xustificada.

**SEGUNDO.** Que se ordene que a referida conta, así como o propio informe emitido por esta comisión, sexan expostos ao público, por un prazo de quince días, co fin de que durante ese prazo as persoas que se consideren interesadas poidan presentar as reclamacións, reparos ou observacións que teñan por convenientes, as cales, en caso de seren presentadas, deberán ser examinadas por esta comisión, logo da práctica de todas as comprobacións que se xulguen necesarias, para a emisión dun novo informe, que será elevado, xunto cos reparos, reclamacións ou observacións formulados, a consideración plenaria definitiva.>>

**Tralas deliberacións oportunas o Alcalde- Presidente somete o ditame a votación nos seus mesmos termos resultando a aprobación do contido literal do ditame por maioría absoluta con sete votos a favor dos/as concelleiros/as do grupo municipal do PP e con catro abstencións dos/as concelleiros/as dos grupos municipais do PSOE e Grupo mixto\_BNG.**

### **5.- APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DE LA TAXA POLO SERVICIO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS.-**

O Alcalde- Presidente, procede a dar lectura á Proposta da Alcaldía onde se explica o funcionamento da aplicación da bonificación:

<<Logo de ver que por rexistro de entrada do Concello, o Presidente da Sociedade Galega de Medio Ambiente (SOGAMA) presenta escrito que leva por asunto: "Canon ano 2019", no que se fai referencia á Lei 3/2018, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, que introduciu, mediante o seu artigo 11, un novo apartado Tres bis, na Disposición Adicional vixésimo primeira da Lei 11/2013, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014, polo que se abre a posibilidade de establecer bonificacións no canon unitario de tratamento de residuos urbanos.

Para poder beneficiarse da dita bonificación prevista na Lei 11/2013, establécense as condicións que as entidades locais deben cumprir, e que son as seguintes:

**PRIMEIRA.-** A aplicación da bonificación deberá solicitarse a SOGAMA no prazo dun mes dende a publicación no DOG do importe do canon unitario para 2019 e o importe bonificado (DOG nº16, do 23 de xaneiro de 2019), polo que o dito prazo de presentación



## Concello de FRADES

Cimadevila, 10  
15686 - FRADES (A Coruña)  
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79  
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

de solicitudes remata o 25 de febreiro de 2019.

(2019 Canon non bonificado): 69,83 €/Tn residuos domésticos xestionada + IVE

(2019 Canon bonificado): 62,93 €/Tn residuos domésticos xestionada + IVE

(2018 Canon non bonificado): 69,00 €/Tn residuos domésticos xestionada + IVE

CANON BONIFICADO: 69,83€/Tn - 6,90€/Tn (10% sobre 69)=62,93€/Tn.

Mediante Informe da Alcaldía solicítuse á Sociedade Galega de Medio Ambiente (SOGAMA) o importe bonificado do canon unitario de tratamento de residuos urbanos, segundo o disposto a tales efectos na Lei 3/2018, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, que introduciu, mediante o seu artigo 11, un novo apartado Tres bis, na Disposición Adicional vixésimo primeira da Lei 11/2013, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014, polo que se abre a posibilidade de establecer bonificacións no canon unitario de tratamento de residuos urbanos

SEGUNDA.- Declaración de compromiso de que se adoutaron as medidas para trasladar, con efectos económicos do 1 de xaneiro, o importe equivalente ao da devandita bonificación ás persoas beneficiarias do servizo (modificación da correspondente ordenanza fiscal) e tamén o compromiso da procura dunha redución de residuos mediante o mantemento ou a aprobación de novas medidas que fomenten a recollida selectiva, orientadas á prevención e redución da produción de lixo convencional ou ao fomento da reciclaxe dos envases lixeiros.

Cabe facer referencia ao disposto no artigo 11 da Lei 3/2018, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, que introduce un novo apartado Tres bis, na Disposición Adicional vixésimo primeira da Lei 11/2013, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014, segundo o cal:

*«Tres bis. Igualmente, cando as circunstancias económicas da sociedade o permitan por cumprir os obxectivos orzamentarios e as previsións do seu plan de viabilidade, a persoa titular da consellaría competente en materia de residuos, logo do informe favorable da consellaría competente en materia de facenda, poderá establecer unha bonificación na contía do canon unitario de tratamento por tonelada nunha porcentaxe que non exceda o 10 % da cantidade que en concepto de canon estea vixente no ano inmediatamente anterior.*

*A aprobación da contía do canon bonificado por tonelada publicarase no Diario Oficial de Galicia conxuntamente coa actualización anual do canon unitario prevista no número Dous desta disposición.*

*Para poder beneficiarse da dita bonificación, as entidades locais deberán presentar a súa solicitude ante a sociedade antes de que transcorra un mes desde a súa publicación, xuntando unha declaración na que se comprometan a adoptar as medidas para poder trasladar, con efectos económicos do 1 de xaneiro da anualidade correspondente á aprobación dese canon bonificado, o importe equivalente ao da devandita bonificación ás persoas beneficiarias do servizo, mediante a modificación ou adaptación das prestacións patrimoniais de carácter público que teñan establecidas para o servizo público de recollida de residuos urbanos, tratamento e eliminación destes, así como a procurar unha redución de residuos mediante o mantemento ou a aprobación de novas medidas que fomenten a recollida selectiva orientadas á prevención e redución da produción de lixo*



## Concello de FRADES

Cimadevila, 10  
15686- FRADES (A Coruña)  
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79  
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

convencional ou ao fomento da reciclaxe dos envases lixeiros. A presentación da indicada declaración determinará a inmediata aplicación do canon bonificado con efectos económicos do 1 de xaneiro da anualidade correspondente á aprobación dese canon bonificado.

Dentro dos dous primeiros meses do primeiro ano seguinte ao da aplicación da bonificación do canon unitario de tratamento por tonelada, as entidades locais beneficiarias do dito canon deberán presentar unha certificación do órgano da entidade local que corresponda na que se acredite o cumprimento das condicións sinaladas no parágrafo anterior relativas, en primeiro lugar, a ter adoptado as medidas para permitir nese ano trasladar a bonificación ás persoas beneficiarias do servizo e, en segundo lugar, á adopción ou mantemento das medidas sinaladas de fomento da recollida selectiva ou de fomento da reciclaxe dos envases lixeiros.

No suposto de que, no prazo sinalado no parágrafo anterior, non se achegase o dito certificado ou se constatase o incumprimento das condicións requiridas para o gozo da bonificación, será aplicable o canon ordinario sen bonificación, polo que a Sociedade Galega de Medio Ambiente, S. A. procederá a facturar antes do 30 de marzo o importe da bonificación aplicada o ano anterior. Para o caso de impagamento deste importe, haberá que aterse ao disposto no apartado Seis desta disposición adicional.».

**TERCEIRA.**-Dentro dos dous primeiros meses do ano 2020, deberase presentar ante SOGAMA unha certificación na que se acredite o cumprimento das condicións sinaladas na declaración anterior. Se non se achega a dita certificación ou se constata o incumprimento das condicións establecidas, será de aplicación o canon sen bonificación, que se facturará antes do 30 de marzo do ano 2020.

Logo de ver que a Ordenanza Fiscal reguladora da taxa de recollida de lixo do concello de Fraides, publicouse definitivamente no BOP da Coruña número 64, de data 18/03/2000.

Logo de ver o informe de intervención municipal emitido sobre este particular, no que se calcula que a repercusión da bonificación na facturación do tratamento do lixo (SOGAMA), debería ter os seguintes efectos económicos, bonificando a taxa, co desglose das tarifas tal e como se sinala a continuación:

957	72.918,00 €	RECIBOS LIXO	
	<b>ACTIVIDAD ECONOMICA</b>	<b>CUANTÍA</b>	<b>desconto 5,51% 2019 contía recibo</b>
1	VIVIENDA RURAL	68	64,25
2	VIVIENDA URBANA	96	90,71
3	HOTELES	360	340,17
4	SUPERMERCADOS	240	226,78
5	PESCADERIAS, CARNICERIAS	150	141,74
6	RESTAURANTES	240	226,78
7	FARMACIAS	240	226,78
8	PELUQUERIAS	240	226,78
9	MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN	300	283,47
10	GASOLINERAS	300	283,47





## Concello de FRADES

Cimadevila, 10  
15686- FRADES (A Coruña)  
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79  
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

11	GESTORIAS	120	113,39
12	TALLERES	200	188,98
13	FABRICAS PEQUENAS	200	188,98
14	FUNERARIAS	200	188,98
15	VIVEIROS	300	283,47
16	OUTROS COMERCIOS	200	188,98

Logo de ver todo canto antecede, esta Alcaldía PROPÓN ao Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte ACORDO:

**PRIMEIRO.** Aprobar a modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo servizo de recollida de Lixo do Concello de Fraides, coa redacción que a continuación se recolle:

### **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA DE RECOLLIDA E TRATAMENTO DE LIXO DO CONCELLO DE FRADES**

#### **ART.- 1. FUNDAMENTO:**

En uso de las facultades establecidas en los arts. 133 y 142 de la vigente Constitución de 1978 y del art. 106 de la Ley 7/1985 de 2 de abril, Reguladora de las Bases de Régimen Local y, en concreto, de acuerdo con lo dispuesto con los arts. 15 y siguientes del Real Decreto Ley 2/2004 de 5 de marzo, por el que se aprueba el Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, este Ayuntamiento establece y aprueba la Tasa de Recogida de Basuras, que se regirá por la presente Ordenanza Fiscal elaborada de acuerdo con lo dispuesto en los arts. 20 y siguientes del citado precepto legal.

#### **ART.- 2. HECHO IMPONIBLE:**

Constituye el hecho imponible de esta tasa la prestación, de recepción obligatoria, del servicio de recogida domiciliar de basuras de residuos sólidos de viviendas y de locales donde se ejercen actividades industriales, comerciales, artísticas, de servicios, etc, así como su tratamiento.

A tal efecto se consideran basuras y residuos sólidos, los restos y desperdicios de alimentación o detritos procedentes de la limpieza normal de locales o viviendas.

Se excluyen de tal concepto, los residuos de tipo industrial, escombros de obras, materias y materiales contaminados, corrosivos, peligrosos o cuya recogida exija la adopción de especiales medidas higiénicas, profilácticas o de seguridad.

#### **ART.- 3. SUJETOS PASIVOS:**

Son sujetos pasivos contribuyentes, las personas físicas y jurídicas que utilizan viviendas o locales, ubicados en locales donde se preste el servicio con un mínimo de regularidad y comodidad para los usuarios. A estos efectos la Corporación determinará, caso por caso, los lugares que en base a los criterios mencionados quedan afectos al servicio.

Las personas obligadas quedan sujetas al pago de la tasa, cualquiera que sea el título en virtud del cual ocupan la vivienda o local: propietario, arrendatario, usufructuario, etc. incluso cuando se posee a título de precario.

Tendrá la consideración de sujeto pasivo, sustituto del contribuyente el propietario de las viviendas o locales quien, en su caso, podrá repercutir las cuotas satisfechas en lo usuarios de aquellas, que sean los beneficiarios del servicio.

#### **ART.-4. RESPONSABLES:**

a) El sujeto pasivo y en su caso el sustituto responsable de la deuda tributaria.

b) Además se declaran responsables con carácter solidario o subsidiario, en los supuestos y en los términos previstos en los arts. 38 y siguientes de la vigente Ley Tributaria.



## Concello de FRADES

Cimadevila, 10  
15686.- FRADES (A Coruña)  
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79  
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

### ART.- 5. EXENCIONES Y BONIFICACIONES:

Se establece una bonificación que ya aparece incluida dentro de la cuota tributaria (Tarifas del Anexo I), mediante la que se traslada a los beneficiarios del servicio el importe equivalente en la bonificación de la facturación de SOGAMA.

### ART.- 6. CUOTA TRIBUTARIA:

La cuota tributaria se determinará en función de la naturaleza y destino de los inmuebles, Las tarifas a aplicar son las que se determinan en el ANEXO UNO de esta Ordenanza.

### ART.- 7. DEVENGO:

Se devenga la tasa y nace la obligación de contribuir, desde que se inicie la prestación del servicio, en los lugares que se determinen de acuerdo con lo dispuesto en el art. 3 de esta Ordenanza.  
Dado que este servicio es de recepción obligatoria, las altas a estos efectos se efectuarán mediante declaración del usuario o de oficio por parte del Ayuntamiento.  
Las cuotas exigibles por imposición de esta tasa, se recaudarán por periodos anuales.

### DISPOSICIÓN FINAL:

A presente modificación entrará en vigor unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2020, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

### ANEXO UNO:

ACTIVIDAD ECONÓMICA	CUANTÍA EUROS
Vivienda Rural	64,25
Vivienda Urbana	90,71
Hoteles, Moteles y Residencias	340,17
Supermercados, Autoservicios y Similares	226,78
Pescaderías, Carnicerías, Pastelerías y similares	141,74
Restaurantes y similares	226,78
Farmacias	226,78
Peluquerías	226,78
Materiales de construcción	283,47
Gasolineras	283,47
Gestorías, Bancos, Agencias de Viaje y similares	113,39
Talleres Mecánicos	188,98
Fábricas y Pequeñas Industrias	188,98
Funerarias	188,98
Viveros y similares	283,47
Otros comercios	188,98

**SEGUNDO.** Dar ao expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante exposición do mesmo no taboleiro de anuncios deste Concello e no Boletín Oficial da Provincia, por prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados podrán examinalo e expor as reclamacións que estimen oportunas.



## Concello de FRADES

Cimadevila, 10  
15686.- FRADES (A Coruña)  
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79  
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

Así mesmo, estará ao dispor dos interesados na sede electrónica deste Concello [dirección <https://sede.frades.gal>].

**TERCEIRO.** Considerar, no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, que o Acordo é definitivo, en base ao artigo 17.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

**CUARTO.** Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para subscribir os documentos relacionados con este asunto.

**QUINTO.-** Unha vez aprobadas e una vez en vigor as anteriores modificacións na Ordenanza Fiscal reguladora da taxa de recollida e tratamento de lixo do Concello de Frades, declarar o compromiso de que se adoutaron as medidas para trasladar, con efectos económicos do 1 de xaneiro da anualidade correspondente, o importe equivalente ao da devandita bonificación ás persoas beneficiarias do servizo e tamén o compromiso da procura dunha redución de residuos mediante o mantemento ou a aprobación de novas medidas que fomenten a recollida selectiva, orientadas á prevención e redución da produción de lixo convencional ou ao fomento da reciclaxe dos envases lixeiros.

**SEXTO.-** Notificar o presente acordo á Sociedade Galega de Medio Ambiente (SOGAMA), aos efectos oportunos.>>

A continuación o Alcalde explica que se repartiron compós ás casas, para procurar a redución de residuos. O concelleiro do grupo municipal do BNG, D. Manuel Míguez Villaverde, intervén para sinalar que se deberían de bonificar aos usuarios que usen o compós, e que hai que insistir no rural pola opción de compostaxe, educar e animar á xente.

O Alcalde intervén para explicar que se mandaron folletos informativos para solicitar composteiros, e colocáronse un total de 50 composteiros. A continuación explica que a taxa é deficitaria en 32.000,00 euros, non cubre o custo do servizo, e que é necesario realizar unha revisión do padrón do lixo.

A continuación, o concelleiro do grupo municipal do PSOE, D. Enrique Astray Otero, intervén para sinalar que " A rebaixa está ben sempre que se faga con cabeza. Contamos co compromiso de que se revise o padrón do lixo".

**Tralas deliberacións oportunas, o Alcalde- Presidente somete a Proposta da Alcaldía a votación, nos seus mesmos termos, resultando a aprobación do contido literal da proposta por unanimidade do Pleno da Corporación.**

### **6.- APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº 2019-SUPLE-01.-**

O Sr. Alcalde- Presidente, concede a palabra ao Sr. Concelleiro de Facenda, D. Manuel Ferreiro Marzoa que procede a dar lectura á Proposta da Alcaldía co teor literal seguinte:

<<ASUNTO: EXPEDENTE Nº 2019-SUPLE-01- MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NÚMERO 1 DE CONCESIÓN DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO CON CARGO A BAIXAS POR ANULACIÓN DE OUTRAS APLICACIÓN ORZAMENTARIAS



## Concello de FRADES

Cimadevila, 10  
15686 - FRADES (A Coruña)  
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79  
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

Incoado o expediente de suplemento de crédito número 2019-SUPLE-01 financiado con baixas de crédito doutras aplicacións orzamentarias; ante a urxente e inaprazable necesidade de, segundo se xustifica na memoria, dotar de crédito ao capítulo 1 de gastos debido a que a anterior secretaria continúa de baixa, e, tras solicitar medidas cautelares interposto recurso contencioso-administrativo contra a resolución que acorda a apertura dun expediente disciplinario, forma parte deste Concello, sendo necesario sufragar unha parte dos salarios xunto coa Seguridade Social.

Emitido informe de Intervención.

Esta Alcaldía, de conformidade co disposto no artigo 177 do TRLRFL aprobado polo R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo; no artigo 35 do RD 500/1990, de 20 de Abril, propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

**PRIMEIRO:** Aprobar inicialmente o expediente de suplemento de crédito número 2019-SUPLE-01, financiado con baixas de crédito doutras aplicacións orzamentarias, de acordo co seguinte detalle:

### ALTA DE APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS A SUPLEMENTAR:

Aplicación	Program	Económico	Suplemento
Salarios organos de goberno	912	10000	2.800,00 €
Salarios grupo A1	920	12000	4.000,00 €
Trienios	920	12006	600,00 €
Complemento Destino funcionarios	920	12100	6.000,00 €
Complemento Específico funcionarios	920	12101	6.500,00 €
Productividad funiconarios	920	15000	7.500,00 €
Seguridade Social organos de goberno	912	16000	600,00 €
Aportación partidos políticos	912	48000	2.400,00 €
Otros traballos realizados por empresas	920	22799	2.000,00 €
Reparación maquinaria	450	21300	7.100,00 €
Carreteras	453	22103	10.000,00 €
	<b>TOTAL</b>		<b>49.500,00 €</b>



## Concello de FRADES

Cimadevila, 10  
15686- FRADES (A Coruña)  
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79  
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS NAS QUE SE PRODUCE UNHA BAIXA DOS CRÉDITOS (CEDEN CRÉDITO):

Aplicación	Program	Económico	Suplemento
Urbanismo. Estudios técnicos	151	22706	7.000,00 €
Subv. Turismo	432	62700	3.000,00 €
Mobiliario	920	62500	3.000,00 €
Subv. Parque infantil PC+humanización plaza PC	337	63200	31.500,00 €
Instalacións eléctricas	165	62700	5.000,00 €
	<b>TOTAL</b>		<b>49.500,00 €</b>

**SEGUNDO:** Este expediente de modificación de crédito, que se aproba inicialmente, sexa exposto ó público por espazo de quince días hábiles no departamento de Intervención do Concello, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación Municipal, prazo no que os interesados poderá examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno da Corporación, en cumprimento do disposto no artigo 177.2 do RDL 2/2004 de 5 marzo polo que se aproba o TRLRHL e 38.2 en relación co artigo 20.1 do Real Decreto 500/1990, do 20 de Abril.

**TERCEIRO:** Este expediente de modificación de créditos considerarase definitivamente aprobado, de conformidade cos artigos citados no apartado anterior, si durante o citado período non se presentaran reclamacións.>>

**Tralas deliberacións oportunas, o Alcalde- Presidente somete a Proposta da Alcaldía a votación, nos seus mesmos termos, resultando a aprobación do contido literal da proposta por maioría absoluta con sete votos a favor dos/as concelleiros/as do grupo municipal do PP e con catro abstencións dos/as concelleiros/as dos grupos municipais do PSOE e Grupo mixto-BNG.**

### **7.- RATIFICACIÓN DO DECRETO DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DA OBRA "REPARACIÓN DA PISCINA MUNICIPAL DE FRADES".-**

Logo de ver o decreto nº 193/2019 co teor literal seguinte:

**<<Descrición decreto: DECRETO DE APROBACIÓN DO PROXECTO DA OBRA "REPARACIÓN DA PISCINA MUNICIPAL"**



## Concello de FRADES

Cimadevila, 10  
15686.- FRADES (A Coruña)  
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79  
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

### **DON ROBERTO REY MARTÍNEZ ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE FRADES**

- Visto que no Pleno do 11 de setembro de 2019 se aprobou o proxecto para realizar a seguinte obra: "Reparación da piscina municipal en Frades", dentro do Plan de Obras e Servizos (Plan Adicional 2). Anualidade 2019 da Deputación da Coruña.
- Visto que con data de 8 de outubro se requiriu ó Concello por parte da Deputación para que procedese á subsanación de determinadas deficiencias técnicas dentro do proxecto.
- Visto que no día de hoxe foi aportado polo técnico encargado da redacción do proxecto o proxecto corrixido segundo os requirimentos da Deputación da Coruña.
- Visto que as correccións efectuadas se refiren a cuestións técnicas que non afectan á natureza e finalidade dos investimentos a realizar nin a súa valoración económica,

#### **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar o proxecto corrixido da obra "Reparación da piscina municipal en Frades", que se anexa a este Decreto.

**SEGUNDO.-** Dar traslado deste Decreto á Deputación da Coruña aos efectos oportunos.

**TERCEIRO.-** Dar conta da presente Resolución ao Pleno da Corporación, na primeira sesión que celebre.>>

**Tras as deliberacións correspondentes, o Pleno por maioría absoluta, con sete votos a favor dos concelleiros/as do grupo municipal do PP e catro abstencións dos/as concelleiros/as do grupo municipal do PSOE e BNG ACORDA por maioría absoluta ratificar o decreto da Alcaldía nos seus mesmos termos"**

#### **8.- MOCIÓNS.-**

O concelleiro do grupo municipal do BNG, D. Manuel Míguez Villaverde, procede a dar lectura á moción presentada en prazo, co teor literal seguinte:

*<<MOCIÓN PARA UNHA ATENCIÓN DE CALIDADE NO SERVIZO DE MATRONAS*

*O grupo municipal BNG presenta, para o seu debate en Pleno, a seguinte moción para unha atención de calidade no servizo de matronas*

#### *EXPOSICIÓN DE MOTIVOS*

*A saúde é o ben máis preciado do ser humano, un dereito irrenunciábel ao que a sanidade pública ten que responder.*

*Levamos tempo escoitando queixas pola perda de calidade de distintos servizos de atención primaria. Agora, a veciñanza de Frades reclama unha solución urxente para o servizo de matronas do Centro de Saúde de Ordes, un servizo moi importante para a saúde das mulleres porque intervén en aspectos tan relevantes como a educación*



## Concello de FRADES

Cimadevila, 10  
15686- FRADES (A Coruña)  
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79  
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

*afectivo-sexual, o embarazo, o parto e o posparto, a lactación, a anticoncepción, a menopausa, o apoio á consulta xinecolóxica etc...*

*É certo que o número de matronas por habitante é moi escaso no SERGAS, razón pola que o colectivo vén demandado o aumento de prazas (Galiza está xusto na cola das comunidades do Estado en número de matronas por número de habitantes: 1,2/10.000, fronte a comunidades como a de Cantabria con 2,9/10.000 habitantes. No caso do Centro de Saúde de Ordes, ao que está adscrito Frades, e que atende, ademais de a Ordes e Frades, a Tordoia, Trazo e Mesía, das 3 matronas que houbo até non hai moito, hoxe, na práctica, só exerce 1, que, obviamente, non pode atender a toda a poboación feminina da comarca coa calidade necesaria.*

*Xa que logo, O BNG subscribe e apoia a demanda dun mellor servizo, e considerando a importancia das mulleres para Frades e a importancia do servizo para elas, entende que a corporación debe facer todo o posible para satisfacer a xusta demanda dun servizo de calidade. Non é a sanidade competencia municipal, pero a saúde da súa poboación debe ser unha prioridade do goberno do concello.*

*Por tanto, en base a todo o anterior o BNG propón ao Pleno da corporación de Frades a adopción do seguinte*

### ACORDO

*O Concello de Frades demanda á Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia a adopción das medidas oportunas para garantir unha atención de calidade no servizo de matronas para as mulleres de Frades.>>*

O Alcalde intervén para explicar que "...falado cos Concellos implicados: Ordes, Tordoia, Trazo e Mesía, que pertencen ao PAC de Ordes, a situación é complicada porque a matrona de Tordoia pasou a Fontiñas. A matrona de Mesía só pode dar servizo aos veciños de Mesía, que van a Ordes porque está de baixa moitas veces. Entres non se xubile non se pode sacar unha nova praza. Nós imos levar unha iniciativa á Mancomunidade e levar tamén outra iniciativa para o servizo de pediatría para que se incremente o servizo cunha nova pediatra en Ordes.

A continuación o concelleiro do grupo municipal do PSOE, D. Aurelio Garea Portos pregunta se hai algunha solicitude por escrito, ao que Alcalde resposta que non.

### **Tralas deliberacións oportunas sométese a moción a votación do Pleno da Corporación, quedando aprobada por unanimidade nos seus mesmos termos.**

O Alcalde- Presidente pregunta se hai algunha moción máis.

O concelleiro do grupo municipal do PSOE, D. Enrique Astray Otero, intervén para explicar que eles teñen unha moción.

O Alcalde- Presidente somete a aprobación da moción por urxencia a votación. O Pleno aproba a urxencia por unanimidade.

A continuación o concelleiro do grupo municipal do PSOE, D. Enrique Astray Otero, procede a dar lectura á moción co teor literal seguinte:

**<<MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO SOCIALISTA DO CONCELLO DE FRADES PARA INSTAR AO GOBERNO MUNICIPAL A QUE SOLICITE A DIRECCIÓN GENERAL DE**



## Concello de FRADES

Cimadevila, 10  
15686 - FRADES (A Coruña)  
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79  
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

### CARRETERAS PARA QUE ARRANXE A VIA DE SERVIZO AO SEU PASO POLO CADAVAL ATÉ CAMPODURO

De acordo co previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Frades desexa someter á consideración do Pleno a seguinte Moción.

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A N-634, ao seu paso polo Concello de Frades, discorre paralela aos terreos de O Cadaval, clasificados, no Plan Xeral de Ordenación Municipal, como Solo Urbanizable Delimitado.

As parcelas, sitas en ditos terreos, e nas cales se atopan as naves de uso industrial, así como un restaurante e unha vivenda, teñen acceso pola vía de servizo de dita estrada nacional.

Dende a entrada-saída do aparcamento, do Restaurante O Cadaval, os vehículos, non se poden incorporar a estrada nacional en dirección Curtis, polo que tamén se ven obrigados a utilizar a vía de servizo, que pasa por diante das naves, para saír a estrada a altura de Campoduro (Céltigos). Escollendo esta opción, e non a de facer o cambio de sentido na entrada a Ponte Carreira, xa que esta resulta dificultosa, sobre todo para o tráfico pesado.

Como se refire no paragrafo anterior, a entrada a Ponte Carreira, pola súa situación e pendente, complica a manobra, tanto para os camiión que se dirixen a Cooperativa Central de Frades, coma para os que deciden facer un cambio de sentido.

Ademais moitos veciños/as que acceden a gasoleira dende o núcleo de Ponte Carreira, tamén utilizan dita vía de servizo, pois non de pode xirar a altura da gasoleira.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Frades, presenta para a súa aprobación no Pleno Municipal, o seguinte acordo:

Que o Concello de Frades inste a Dirección General de Carreteras, para que tome en consideración os motivos descritos anteriormente e lles dea solución:

1. Mellorando o firme da vía de servizo anteriormente mencionada
2. Buscando unha solución para a entrada de acceso a Ponte Carreira e marxe da N-634 onde se atopa a CCF.>>

O Alcalde intervéñ para explicar que o grupo de goberno está cansado de levar iniciativas. Hai un Proxecto para facer unha senda dende Pontecarreira ata a N-634 vella por importe de 350.000,00 euros, pero deberán aprobalo en Madrid. A continuación propón unha reunión de tódolos grupos municipais con Demarcación de Carreteras.

**Tralas deliberacións oportunas sométese a moción a votación do Pleno da Corporación, quedando aprobada por unanimidade nos seus mesmos termos.**

#### **10.- INFORMES DA ALCALDÍA.-**

**O Alcalde- Presidente procede a informar sobre os seguintes extremos:**





## Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 - FRADES (A Coruña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

- IDAE: Último período licitación.
- AGADER: Adjudicado a Construcciones Cernadas.
- POS 2019: Último proceso de contratación
- OBRAS NO PAVILLÓN DE PONTECARREIRA E ABELLÁ: Comezará a obra nos próximos días.
- FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL: Xa se recepcionou a maquinaria.
- ASINOUSE UN CONVENIO CON TURISMO
- ACTIVIDADES DE INVERNO
- O día 23 de novembro de 2019 vaise facer unha homenaxe ao mestre Cortiñas, ás 13:00 h e despois un xantar. Podedes vir os membros da Corporación.

### **11.- ROGOS E PREGUNTAS.-**

O concelleiro do grupo municipal do BNG, D. Manuel Míguez Villaverde, procede a dar lectura ao rogo presentada en prazo, co teor literal seguinte:

#### *<<ROGO PARA MELLORAR A SINALIZACIÓN*

*O Concello de Frades, 81,7 km<sup>2</sup>, 12 parroquias e 138 núcleos, conta cunha rede viaria de máis de 200 km, a maioría de carácter municipal e formada por unha rede de vías das que máis de 100 km teñen unha anchura comprendida entre os 3 e os 5 m. É evidente a necesidade de sinalización non só para as persoas de fóra do concello senón mesmo para a veciñanza. Unha ampliación e mellora da sinalización actual contribuiría a unha maior seguridade viaria, evitaría circulación innecesaria e contribuiría a poñer en valor o patrimonio natural e cultural do concello*

*Polo exposto, o Bloque Nacionalista Galego SOLICITA*

*A mellora da sinalización das vías municipais, con indicadores de dirección con distancias a puntos relevantes, indicadores de posición, sinalización do patrimonio natural e cultural e tamén sinais de circulación, verticais e/ou horizontais.>>*

O Alcalde- Presidente explica que quedan moitas zonas por sinalizar e se intentará coa nova subvención. Ademais se solicitará a aprobación dun novo Plan de Sinalización ou se pagará con fondos propios.

A continuación o concelleiro do grupo municipal do BNG, D. Manuel Míguez Villaverde fai outro rogo: " Os veciños se queixan dos permisos de obra porque son moi lentos. Pasa moito tempo dende que se solicitan os permisos de obra en urbanismo no Concello ata que se conceden. É moi difícil entender que en Frades a arquitecta "non dea feito". Non é de recibo que para acelerar a tramitación haxa que ir falar co Alcalde.

O Alcalde explica que se está intentando tramitar máis rápido limitando a atención ao público a dous días.

A Secretaria explica que nalgúns expedientes son necesarios informes doutros organismos externos, informes sectoriais (informe de Carreteras, Patrimonio, Augas...), que dilatan a tramitación.

A continuación o concelleiro do grupo municipal do BNG, D. Manuel Míguez Villaverde pregunta se está previsto algún paseo para Aiazo. O alcalde explica que é intención do Goberno presentar un proxecto para novas sendas, e invita a tódolos portavoces a asistir como representantes dos grupos a unha reunión coa Deputación para axilizar os trámites.



## Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 - FRADES (A Coruña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

A continuación o concelleiro do grupo municipal do BNG, D. Manuel Míguez Villaverde fai outro rogo: "Na Área recreativa da Ponte seguen caendo árbores nas mesas e sillas". O Alcalde explica que a limpeza a fixo Augas de Galiza, non cortándose unha serie de árbores porque dixeron que aínda estaban vivos. Sinala que se está a preparar outro Informe para que as corten.

O concelleiro do grupo municipal do PSOE, D. Enrique Astray Otero fai un rogo: "Necesito saber como está o Informe que o 9 de agosto entreguei a Manuel sobre unha plantación en Ledoira.

O Alcalde responde que en distancia de plantacións o Concello só ten competencias nos núcleos. En solo rural as ten o xurídico da Xunta de Galicia na Delegación de A Coruña.

Non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión sendo as 15:32 h.

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE ASINADO DIXITALMENTE UNHA VEZ APROBADA A ACTA EN SESIÓN PLENARIA EXTRAORDINARIA DE DATA 17.12.2019**